

CONCLUSIÓN

Carvalho Calero lido pola mocidade

Cando Carvalho Calero morreu un 25 de marzo de 1980, o mesmo ano en que Xián nació, Rosalía aprendía a falar, Mar era xa case unha nena de escola e Daniel e Mar... Daniel e Mar aínda non existían. A un cuarto de século da súa morte falamos con mozas e mozas na vintena ou case para saber que saben e leron de Carvalho Calero e que é o que para elas, para eles, representa.

"Aínda non está superada a súa historia da literatura"



ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL,
ESCRITORA E FILÓLOGA, 26 ANOS

Rosalía Fernández Rial bateu por primeira vez con Carvalho Calero na súa adolescencia cando atopou, na biblioteca da súa casa, un exemplar da historia da literatura de Calero. Máis tarde chegaría á súa poesía, a títulos como *Poemas pendurados dun cabelo* e *Cantigas de amigo e outros poemas*. E, na etapa universitaria, adentraríase nos seus ensaios filolóxicos. É esta faceta, a de ensaísta, a que máis admira del. Para ela, Carvalho Calero representa unha figura fundamental tanto na vertente política, como na filolóxica e na literaria. Na política, pola súa defensa do galeguismo e a coherencia coa que defendeu as súas ideas. No filolóxico, polo seu rigor e intelixencia. Como escritor, polo prolífico da súa obra poética.

"Segue a ser un gran descoñecido"



AMANDA REI,
ESTUDANTE DE FILOLOXÍA
GALEGA, 20 ANOS

"A pesar da miña formación, para mí é tamén un gran descoñecido", explícanos Amanda Rei. Ela sabe de Carvalho Calero como figura defensora da reintegración do galego na lusofonía, como catedrático da Universidade de Santiago e polo seu papel na literatura galega mais, reconoce, non leu nada del. Considera que, para aquelas persoas que non están activadas políticamente, Carvalho Calero segue a ser un gran descoñecido e mesmo para as que si o están, coma ela, que chegou a el, entre outras vías, a través do movemento estudiantil, o que se adoita saber fica reducido ao tópico. "Eu son da zona de Ferrol, de Pontedeume, e mesmo alí non se coñece nada del, non existe ningunha referencia nin na miña xeración nin en xeracións próximas a min".



DANIEL AMARELO,
ESTUDANTE DE FILOLOXÍA GALEGA NA USC, 18 ANOS

"A sua obra ensaística é brillante"

"Dissidéncia e câmbio, além do folclorismo". Con estas verbas refírese Daniel a Carvalho Calero. Aos seus 18 anos, a figura de quien foi o primeiro catedrático de Lingüística e Filoloxía Galega na universidade na que agora estuda non lle é descoñecida. En que así sexa ten que ver o feito de ser de Ferrol, ao igual que Carvalho Calero, e polo papel que alí xoga a Fundación Artábría. Lamenta, porén, a situación ruinosa na que se encontra o fogar no que veu ao mundo: "é uma vergonha que no casco velho de Ferrol esteja a casa de Carvalho Calero a cair a cachos". De Carvalho leu *A gente da barreira*, *Scórpio* e algún dos seus poemas. quedaría cos tobiográficos da discreta, nella ver, e dela destaca da súa expresión brillantez

Da súa obra aspectos auge, de maneiradeixa entre o cuidado sión e a súa ensaística.

25 años

da morte de Carvalho Calero

"De Carvalho Calero li, sobretodo, poesía"



MAR LOPEZ GONÇALVES,
ESTUDANTE DE FILOLOXÍA GALEGA,
28 ANOS

"Foi unha persoa íntegra cunhas ideas moi claras que nunca negou e iso fixo que fora ignorada até hoxe en día pola intelectualidade galega do sector oficialista da RAG". Para esta estudante de filoloxía, Carvalho Calero é unha das figuras fundamentais dentro da cultura galega. Incide na importancia que ten para o reintegracionismo, como figura fundadora dunha opción lingüística da que ela é herdeira. Unha vertente que, insiste, na facultade compostelá de filoloxía é ocultada, ao igual que non se dá a coñecer a proximidade ao reintegracionismo doutros clásicos como Vicente Viqueira. Da obra de Carvalho, Mar leu sobre todo poesía, os seus *Poemas pendurados dun cabelo* e *O silencio axionllado*, ainda que tamén se adentrou na súa novelística, con *Scórpio*.



XIÁN NAYA SÁNCHEZ,
ESTUDANTE DE FILOLOXÍA
GALEGA NA USC, 25 ANOS

"*Da Galiza e do galego* é co que más me sinto identificado"

"Simbolicamente tem umha carga muito ruturista, sobretodo no ortográfico", destaca Xián Naya. As súas lecturas de Carvalho Calero devalan entre os seus romances *A gente da barreira* e *Scórpio* e os seus traballos ensaísticos e como articulista en xornais, en particular os que teñen que ver coa defensa do reintegracionismo no ortográfico. *Da Galiza e do galego* e co que máis se sente identificado, sobre todo en cuestiós como "a sua oposición a ese chamado bilingüismo cordial". Lamenta Xian que, fóra do ámbito reintegracionista, a figura do intelectual apenas sexa coñecida e que mesmo na facultade na que el estuda se dea a coñecer de Carvalho só a súa vertente como autor prolífico mais sen entrar na súa carga de intelectual rompedor.